

Tres segredos

25 Abril 2013

O próximo Picaversos está dedicado ao segredo na escrita, á escritura secreta, aos segredos que se din nun poema, aos que non se din, aos escritores e escritoras secretos, ocultos, agochados...

O noso Picaversos SECRETOS, este martes 30 de abril ás 21 h. no Modus Vivendi, contará con Luís Valle, Raquel Miragaia e Anxo Pastor.


Raquel Miragaia

Naceu en Tardade, unha pequena aldea da Terra Chá onde pasou a súa infancia e adolescencia, e que marcou a súa percepción do tempo e do mundo. Da aldea pequena trasladouse á aldea grande, Compostela, onde vive na actualidade. Estudou Filoloxía Galego-Portuguesa e Filoloxía Hispánica. É profesora de lingua e literatura. Escribe case desde que ten consciencia. Publicou as obras *Diário Comboio*, *Em trânsito* e *O décimo terceiro mês*, que se pode [ler](#) na web d'[O lapis do taberneiro](#).



Luís Valle Regueiro

Poeta e pintor, naceu en [Lugo](#) en [1977](#). É licenciado en [Humanidades](#) e investigador en cuestións de xénero, educación, xestión cultural, arte e patrimonio. Dirixiu as revistas *Evohé* e *65+*. Tense revelado como pintor realizando varias exposicións individuais. Conta con obra pictórica en [Portugal](#) e [Alemaña](#). Publicou as obras en castelán *Zigurat*, *Teoría de la llama*, *Epitafio y corona para Manuel Quiroga*, e en galego *A caída* (VII [Premio de poesía Caixanova](#)), *Fedor* (XXIII [Premio Eusebio Lorenzo Baleirón](#)) e *Caderno do mendigo*.



Anxo Pastor

Naceu en Vilardonas, Ribas do Sil (lugo 1959). Reside en Vilagarcía de Arousa, onde dirixe a galería de arte “Arcana” e compaxina a poesía, co debuxo e a ilustración. Coordinou e ilustrou a páxina de poesía “A rama no aire” (1998-2008) do suplemento do Faro de Vigo. Na actualidade coordina e ilustra a sección de poesía “La nube habitada” da revista dixital **Fronterad**. Publicou as obras Os poemas da Secta, O Cavalo Económico, Sombra Fértil e A rama no aire.

